



**Itisha Giri** é una poeta e editora nepalí cuxa poesía pon o foco no compromiso social, mais tamén na súa loita persoal para dar sentido ás propias identidades.

Poemas seus viron a luz en publicacións e revistas literarias de ámbito internacional como *La.Lit* (Katmandú), *The Aerogram* (San Francisco, EE.UU.), *Of Nepalese Clay* (Katmandú), *The House of Snow*, unha antoloxía británica que compilaba algúns dos mellores textos sobre Nepal, ou mesmo *A alegría que emana despois do cativerio* (Cíes, Pontevedra, 2020).

Traduciu mulleres poetas nepalís como Nibha Shah e traballa nun proxecto de investigación que procura identificar, traducir e recuperar tradicións poéticas de autoría feminina no Nepal. Itisha Giri é a responsable de *These Fine Lines*, unha antoloxía de poemas escritos por mulleres que exploran as súas experiencias dentro do espectro do abandono e a represión. Do mesmo xeito, traballa como Editora Adxunta de poesía para a revista literaria *La.Lit* (Katmandú). Ademais, é co-fundadora e produtora de *Boju Bajai*, un podcast feminista mensual que coloca a ollada sobre a paisaxe cultural e política do Nepal baixo unha lente feminista, e que foi emitido recentemente pola BBC.

#### NO DÍA DA MIÑA VODA

*Fun maquillada  
con fumes de caucho, o meu rostro  
vernizado con capas de tempo  
a base de touciño e  
a xente bisbaba amorosamente como se  
eu fose unha nena acabada de nacer  
renacida como unha dobre en fronte do espello.*

*Sentei diante do lume  
ardendo coa carraxe dunha fila  
de billetes a cuspir cinza que se pegou ao meu rostro de plástico  
exposto para os comensais.*



(ITISHA  
GIRI)

Luns 26 de abril  
20:00

ÁGORA  
[www.centroagora.es](http://www.centroagora.es)



Poetas  
Di(n)versos <sup>2021</sup>

Itisha Giri







**Arancha Nogueira** (Ourense, 1989) é poeta, xornalista e docente.

Licenciada en xornalismo, viviu en cidades como Porto, Sevilla, Madrid ou Belfast, e faíno hoxe en Santiago, dende onde prepara oposicións ao Ensino Secundario. Fondamente comprometida coa cuestión de xénero, a escritora tamén forma parte da plataforma de crítica literaria feminista *A Segá*.

A súa obra poética foi recoñecida ao longo dos últimos anos con diversos premios, coma o Francisco Añón de Outes en 2013, o premio de poesía da Universidade de Vigo en 2016, o Mazarelos da Universidade de Santiago de Compostela en 2017 e 2018 ou, en 2019, o Johán Carballeira de poesía. Como poeta ten publicado obras como *Andar descalza*, gañador do Francisco Añón en 2013, *o único lugar onde ficar inmóbil* coa editora Urutau, *spleen en catro tempos* con Toxosoutos, *#hashtags para un espazo agónico* con Positivas ou *dente de leite* –gañador do Johán Carballeira– con Xerais.

Ademais de ter experimentado na fusión entre poesía e outras artes (música, plástica, fotografía), tamén participou en diversas antoloxías e revistas literarias como *Ligeia* ou *Dorna*, así como en festivais e encontros poéticos, caso do Poemagosto, Cultura que Une, o Loro Facu ou o Entreverbas.

*#fogar*

*o tom tom  
alporizado como un neno cheo de fame  
avisa de chegarmos ao destino*

*así, na preguiza eterna das maletas  
descargamos a forza no ruar de antes  
nos camiños descalzos das avoas  
nas casas descansadas dos veciños vellos*

*un hipermercado e unha tenda chinesa  
respiran no ruído do que antes fora estanco  
e antes tenda  
e antes silva*

*eu  
xa non son deste lugar.*



(**ARANCHA  
NOGUEIRA**)

Luns 26 de abril  
20:00

**ÁGORA**  
www.centroagora.es



Poetas  
Di(n)versos <sup>2021</sup>

Arancha Nogueira

